



Expediente núm.: 1797/2021

Procedemento: Selección de persoal e provisión de postos

Asunto: Selección de persoal laboral temporal Subvención para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (RISGA) para o ano 2021 (peón de xardinería)

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ANTECEDENTES

Primeiro.- No Diario Oficial de Galicia (DOG) núm. 78 do 27.04.2021, publícase a ORDE do 12 de abril de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga), e se aproba a súa convocatoria para o ano 2021.

Segundo.- A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria, que tivo lugar o día 14.05.2021, adoptou, entre outros, o acordo que, copiado literalmente, di:

“4.- SOLICITUDE SUBVENCIÓN Á XUNTA DE GALICIA

4.1.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DA RENDA DE INTEGRACIÓN SOCIAL DE GALICIA (RISGA) (ORDE DA CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE DO 12/04/2021. DOG Nº 78, DO 27/04/2021)

*Dada conta da Orde do 12 de abril de 2021 (DOG nº 78, do 27/04/2021) da Consellería de Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (RISGA) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2021, a proposta do Sr. alcalde, esta Xunta de Goberno Local, **acorda:***

4.1.1.- SERVIZO DE XARDINERÍA E MEDIO AMBIENTE

4.1.1.1.- *Aprobar o proxecto do servizo denominado Servizo de Xardinería e Medio Ambiente co custe que se detalla a continuación.*

DATOS TRABALLADOR/A			CUSTOS SALARIAIS MENSUAIS (1)			CUSTOS SEG. SOCIAL MENSUAIS (2)			TOTALS			
NÚMERO DE TRABALLADORES / AS	OCUPACIÓN	GRUPO COT.	SALARIO BRUTO (inc.pluses salariais)	P.P.PAGAS EXTRAS (no seu caso)	CUSTO SALARIAL MENSUAL/BASE DE COTIZACIÓN (A)	% COTA PATRONAL Á SEGURIDADE SOCIAL	CNAE	COTA PATRONAL Á SEG.SOCIAL (B)	TOTAL CUSTO MENSUAL (A+B)	Nº MESES	INDEMNIZACIÓN POR FINALIZACIÓN DE CONTRATO TEMPORAL	TOTAL CUSTO TRABALLADOR (total custo mensual x nº meses)
3	Peón xardinería	10	850,12	141,69	991,81	37,80%	8411	374,90	1.366,71	9 M	294,81	37.785,60
SUMA TOTAL					991,81			374,90	1.366,71		294,81	37.785,60

4.1.1.2.- *Solicitar da Consellería de Emprego e Igualdade, ao abeiro da orde referenciada e de conformidade coa contía especificada no artigo 4, a subvención para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras do RISGA, que de seguido se detalla:*





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

DATOS TRABALLADOR/A			CUSTOS SALARIAIS MENSUAIS (1)			CUSTOS SEG. SOCIAL MENSUAIS (2)			TOTALS		
NÚMERO DE TRABALLADORES / AS	OCUPACIÓN	GRUPO COT.	SALARIO BRUTO (inc.pluses salariais)	P.P.PAGAS EXTRAS (no seu caso)	CUSTO SALARIAL MENSUAL/BASE DE COTIZACIÓN (A)	% COTA PATRONAL Á SEGURIDADE SOCIAL	CNAE	COTA PATRONAL Á SEG.SOCIAL (B)	TOTAL CUSTO MENSUAL (A+B)	Nº MESES	TOTAL CUSTO TRABALLADOR (total custo mensual x nº meses)
3	Peón xardinería	10	850,12	141,69	991,81	37,80%	8411	374,90	1.366,71	9 M	36.901,17
SUMA TOTAL					991,81			374,90	1.366,71		36.901,17

4.1.1.3. O Concello comprométese expresamente a financiar as partidas orzamentarias que non sexan financiadas pola Consellería.”

Terceiro.- O día 14.05.2021 é presentada correctamente no rexistro electrónico da Xunta de Galicia co número 2021/1149047 a solicitude de subvención para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da Risga.

Cuarto.- Con data 06.09.2021 ten entrada no rexistro xeral do Concello (núm. de rexistro 2021-E-RC-4900) a resolución do xefe territorial de Ourense da Consellería de Emprego e Igualdade, mediante a que se lle concede ao Concello unha subvención polo importe de 24.600,78 euros para a contratación de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da RISGA. Co desagregado seguinte:

- Obra / servizo subvencionado: servizo de xardinería e medio ambiente
- Núm. de persoas traballadoras subvencionadas: 2
- Duración do contrato: 9 meses
- Xornada: 75%
- Modalidade contractual: temporal de traballos de interese social
- Custos total subvencionado: 24.600,78 euros

Quinto.- O 10.09.2021, constitúese o grupo de traballo mixto entre a entidade Concello do Pereiro de Aguiar, o equipo de inclusión sociolaboral dependente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a Consellería de Emprego e Igualdade, para a selección de persoas desempregadas perceptoras de risga, previsto no artigo 13.c) da ORDE do 12 de abril de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga), e se aproba a súa convocatoria para o ano 2021 (DOG núm. 78 do martes 27 de abril de 2021).

Sexto.- O 10.09.2021 presentouse a oferta de emprego na oficina do Servizo Público de Emprego de Ourense (A Ponte), de acordo cos criterios establecidos pola ORDE do 12 de abril de 2021, co obxecto de cubrir os referidos postos de traballo.

Sétimo.- O 17.09.2021 o o grupo de traballo mixto entre a entidade Concello do Pereiro de Aguiar, o equipo de inclusión sociolaboral dependente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a Consellería de Emprego e Igualdade, constituído para a selección de persoas desempregadas perceptoras de risga, emite Acta definitiva co resultado da selección, do tenor literal seguinte:





“ANEXO I

**LISTADO DE CANDIDATOS DA OFERTA DE EMPREGO DE PEÓN DE HORTICULTURA,
XARDINERÍA**

SELECCIONADOS

- DE CARVALHO DOS SANTOS, ANDRÉ
- FERNÁNDEZ BOUZENDE, CARLOS ALBERTO

NON SELECCIONADOS

- GONZÁLEZ NÓVOA, FERNANDO
- RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, ANTONIO
- SOTO PÉREZ, XOSÉ MANOEL

NON PRESENTADOS

NON HAI”

Oitavo.- O 20.09.2021 remítese á oficina do Servizo Público de Emprego de Ourense (A Ponte) o resultado da selección de dous/as (2) traballadores/as desempregados/as para a realización da obra ou servizo denominado/a: “servizo de xardinería e medio ambiente” (peón de xardinería).

Noveno.- O 23.09.2021 o Departamento de Persoal emite informe sobre o procedemento a seguir para levar a cabo a contratación de persoal laboral temporal para cubrir os postos de traballo na categoría profesional de “peón de xardinería”, ao abeiro da Subvención recibida para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras de risga, para o exercicio do ano 2021 (Expte. Nº: TR351F 2021 / 37 – 3).

De conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local; o artigo 136 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e a Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración Local

RESOLVO

Primeiro.- Contratar para o período comprendido entre o 27 de setembro de 2021 e o 26 de xuño de 2022, para a obra / servizo “servizo de xardinería e medio ambiente”, subvencionado en 24.600,78 € pola Xunta de Galicia - Consellería de Emprego e Igualdade, na categoría profesional de peón de xardinería aos traballadores/as que se detallan no cadro seguinte, e cos custos salariais sinalados no referido cadro:





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

DATOS TRABALLADOR/A		CUSTOS SALARIAIS MENSUAIS (1)			CUSTOS SEG. SOCIAL MENSUAIS (2)				TOTALS		
NOME DO TRABALLADOR/A (3) <small>(no caso de traballadores substituídos indicar na fila seguinte o nome do substituto cun (S) a continuación)</small>	GRUPO COT.	SALARIO BRUTO <small>(inc. pluses salariais)</small>	P.P.PAGAS EXTRAS <small>(no seu caso)</small>	CUSTO SALARIAL MENSUAL (A)	% COTA PATRONAL Á SEGURIDADE SOCIAL	CNAE	BASE DE COTIZACIÓN	COTA PATRONAL Á SEG.SOCIAL (B)	TOTAL CUSTO MENSUAL (A+B)	Nº MESES	TOTAL CUSTO TRABALLADOR <small>(total custo mensual x nº meses)</small>
ANDRÉ DE CARVALHO DOS SANTOS	10	850,12	141,69	991,81	37,80%	8411/D	991,81	374,90	1.366,71	9 M	12.300,39
CARLOS ALBERTO FERNÁNDEZ BOUZENDE	10	850,12	141,69	991,81	37,80%	8411/D	991,81	374,90	1.366,71	9 M	12.300,39
SUBVENCIÓN CONCEDIDA				1.983,62			1.983,62	749,80	2.733,42		24.600,78

Segundo.- Formalizar o contrato de traballo na modalidade de contrato por obra ou servizo determinado coa cláusula específica de traballos de interese social, segundo o artigo 15 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, o artigo 2 do Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro polo que se desenvolve o artigo 15 do estatuto dos traballadores en materia de contratos de duración determinada, e o artigo 13.f) da ORDE do 12 de abril de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga), e se aproba a súa convocatoria para o ano 2021 (DOG núm. 78 do martes 27 de abril de 2021); en réxime de dedicación a tempo parcial (75% da xornada habitual: 6 horas ao día) cunha duración de 9 meses.

Terceiro.- Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.concellopereiro.com).

Cuarto.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno do Concello e (no seu caso) á Xunta de Goberno Local, na primeira sesión que celebren.

Quinto.- Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á recepción desta notificación, ante a Alcaldía deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas - LPACAP-, ou recurso contencioso - administrativo, ante os Xulgados do Contencioso - Administrativo de Ourense no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso - Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso - administrativo ata que aquel sexa resolvido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Así mesmo, poderá exercitar calquera outro recurso que considere pertinente.

Así o acorda o Sr. Alcalde, D. Luís Menor Pérez, no Pereiro de Aguiar; do que como Secretario – Interventor dou fe ó exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O Alcalde,
Luis Menor Pérez

O Secretario – Interventor,
José Antonio Cerdeira Pérez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

Concello do Pereiro de Aguiar

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988259385. Fax: 988259395



Cod. Validación: 5QJZND3LNQLEHMASARFZ4C-HH9 | Corrección: <https://concellopereiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4